



Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 MGR	Documento 21119I05AW	
Código de verificación  0T6K 1J6F 1F6Z 0E53 0C7Z	Expediente 211/2025/119	
	Fecha 10-09-2025	

ASUNTO: Publicación no taboleiro de edictos da resolución provisional da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2025.

ANUNCIO

O Concelleiro responsable de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo de la XGL del 04/07/2024, BOP núm. 129 do 05.07.2024) acordou autorizar o gasto e aprobar a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2025, por resolución de data 22 de abril de 2025, RES/AYT/7365/2025.

O importe desta convocatoria é de 400.000,00 euros, gasto imputable á aplicación 52 341 48900 do Orzamento Municipal de 2025.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 79, do 28 de abril de 2025, BDNS (Identif.): 828227.

Asentada en actas o día 8 de setembro de 2025 a resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita resolución provisional para coñecemento xeral, consonte a Base 15 da convocatoria, e o artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 10 días hábiles: do 11 de setembro ao 24 de setembro, ambos incluídos.

Neste prazo as persoas interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A resolución provisional non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notificase a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento

A xefa de Servizo de Deportes

Patricia Vázquez García